

CIRCULAR 16-2024. **CIRCUÍTO GALEGO DE MARCHA ATLÉTICA 2024**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Circuito Galego de Marcha Atlética masculino e feminino.

Art.2).- Poderán intervir atletas con licencia en vigor pola F.G.A.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns anterior a cada proba.

Art. 4).- Calendario do circuío:

DATA	PROBA	LOCALIDADE	TIPO
04/02/24	Campionato de Galicia de Marcha en Ruta	A Pobra	Ruta
24/03/24	Trofeo Marcha en ruta	Ames	Ruta
07/04/24	Trofeo Marcha en pista	Cervo	Pista
04/05/24	Trofeo Marcha en pista	Santiago	Pista
18/05/24	Cantones/Josefina Romero	A Coruña	Ruta
16/11/24	Campionato de Galicia de Inverno de Promoción	Pendente	Pista

Art. 5).- Programaranse probas para as seguintes categorías e distancias:

CATEGORIA	DISTANCIAS
Sub 10	1.000 m.
Sub 12	2.000 m.
Sub 14	3.000 m.
Sub 16	3.000/5.000 m.
Sub 18, 20, 23	5.000/10.000 m.
Absoluta e Máster	5.000/10.000 m.

Art. 6).- Sistema de puntuación. En cada proba e categoría puntuarán os dez primeiros atletas clasificados, segundo a seguinte puntuación: 10 puntos ao primeiro, 9 ao segundo, 8 ao terceiro, 7 ao cuarto, 6 ao quinto, 5 ao sexto, 4 ao sétimo, 3 ao oitavo, 2 ao noveno e 1 punto ao décimo.

Art. 7).- Clasificación por equipos. Os 3 clubs con maior puntuación entre todas as categorías, tanto en homes como en mulleres, recibirán un trofeo.

Art. 8).- Clasificación individual. Os 3 atletas con maior puntuación por categoría, tanto en homes como en mulleres, recibirán unha medalla. A categoría máster será unha categoría única, de 35 anos en adiante.

Art.9).- Entrega de premios. Realizarase na última xornada do circuío.

A Coruña, a 14 de xaneiro de 2024